

XUNTA
DE GALICIA

Croa 35 - 2025

Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

Conselleiro

José López Campos

Secretaría xeral técnica

Elvira Mª Casal García

Director xeral de Cultura

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

Directora do Museo

Elena Varela Arias

Consello de redacción

Equipo técnico do Museo do Castro de Viladonga

Revisión de textos en galego

Ramiro Combo

Administración e intercambios

Museo do Castro de Viladonga

Viladonga, s/n

27259 - Castro de Rei

Lugo - Galicia

museo.viladonga@xunta.gal

Deseño e maquetación:

sond3.com

Fotografías:

Autores, Marta Cancio e arquivo fotográfico do museo

Imprime:

Grafinco

Castro de Rei,

Museo do Castro de Viladonga,

2025

D.L: LU - 39 / 2000

ISSN: 1575 - 0639

MUSEO
DO CASTRO
DE VILADONGA



CROA

BOLETÍN DO MUSEO DO CASTRO DE VILADONGA

Nº 35 ANO 2025

Índice

6	A xestión dun depósito de bens culturais do patrimonio arqueolóxico da cidade e provincia de Lugo nun museo monográfico de sitio. O Museo do Castro de Viladonga	158	Museo do videoxogo (MUVI) Jacobo Martínez, Galo Martínez
8	Campaña de escavación, limpeza e consolidación no antecastro oeste do Castro de Viladonga (2024): Unha estela con cazoletas, unha moeda de influencia grega e moitos cravos Álvaro Pérez Rozas	162	Villa Romana La Olmeda, un “unicum” en la provincia de Palencia Ana María Samper Arenillas, Elena Gutiérrez Ruiz
32	Intervencións arqueolóxicas no Castro de Saa-A Pastoriza Emilio Ramil	176	Novidades na biblioteca do Museo do Castro de Viladonga (17) Ana Mª Rubiero da Pena
52	O Castelón de Castañoso. As escavacións arqueolóxicas (2015 e 2017) Luís Fco. López, Miguel Ángel López Marcos e Yolanda Álvarez González	181	Normas de presentación de orixinais para a súa publicación
64	A batalla da Muradella: encontros e desencontros co patrimonio nun caim Atlántico (Santa Comba de Fomelas, A Pobra do Brollón, Lugo) Xurxo Ayán Vila, Rodrigo Paulos Bravo	182	Referencias bibliográficas
78	Un sitio para os gravados da Pedra de Currais (Salcedo, A Pobra do Brollón, Lugo). Unha proposta de contextualización e adscrición cronocultural Manuel Santos-Estévez, Xurxo M. Ayán Vila e Anxo Rodríguez Paz		
92	Sodoma e Gomorra Valuras José Otero Canto		
96	O Congreso Pedagógico Lucense de 1923 Antonio Prado Gómez		
116	Santa Bárbara: un cuadro de Dionisio Fierros en paradero desconocido Celia Castro		
124	La presencia de Juan de Villoldo en el Arciprestazgo de Deza y su contribución a la retablistica Cristina Barreiro Abuín		
134	Cruceiros do municipio de Outeiro de Rei (Lugo). Novas achegas Fernando Arribas Arias, José Manuel Blanco Prado		

A XESTIÓN DUN DEPÓSITO DE BENS CULTURAIS DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO DA CIDADE E PROVINCIA DE LUGO NUN MUSEO MONOGRÁFICO DE SITIO. O MUSEO DO CASTRO DE VILADONGA

O Museo do Castro de Viladonga, de titularidade estatal e xestión transferida á Comunidade Autónoma de Galicia, foi creado no ano 1983 como museo monográfico, polo Ministerio de Cultura, para a conservación, investigación e difusión do xacemento e dos materiais arqueolóxicos procedentes das sucesivas escavacións realizadas desde o ano 1971.

A Comunidade Autónoma de Galicia, co traspaso de funcións do Estado en materia de cultura, pasa a asumir, entre outras, toda a xestión do patrimonio histórico-artístico e arqueolóxico.

Dentro deste marco de competencias, promulga a Lei 8/1995, do 30 de outubro, derogada pola Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, e polo Decreto 199/1997, do 10 de xullo, que regula as actividades arqueolóxicas en Galicia. O patrimonio arqueolóxico pasa a ser considerado un ben de interese público, o que significa que é a Administración competente, neste caso a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Galicia, a que ten que autorizar estas actividades para realizar calquera prospección arqueolóxica, remoción de terra, escavacións arqueolóxicas etc., ben sexa en propiedade pública ou privada.

Nos últimos anos, o desenvolvemento e a relevancia da arqueoloxía como disciplina científica deu lugar á execución dunha gran cantidade de proxectos tanto privados como públicos, o que ocasionou que estes traballos arqueolóxicos, que desde as súas orixes eran realizadas polos museos, centros de investigación e universidades, pasen na súa maioría a ser executados por empresas con persoal especializado en prehistoria e arqueoloxía.

A execución destes proxectos levados a cabo no ámbito urbano e no rural proporciona unha gran cantidade de bens arqueolóxicos que necesitan dunha conservación, estudo e difusión.

No ano 2005, para cumprir estas funcións e para levar o control e estudo de todos estes bens, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural designa o Museo do Castro de Viladonga como depósito provisional da maioría dos bens arqueolóxicos da cidade e provincia de Lugo, sen prexuízo de que poidan ser depositados noutros museos ou coleccións recoñecidas legalmente, comarcais, locais e noutros que permitan cumprir adecuadamente coa normativa.

A falta de espazo nos almacéns de reserva deste museo deu lugar á creación, no ano 2014, dun depósito externo na cidade de Lugo, dependente do Museo do Castro de Viladonga.

Aínda que os responsables destes proxectos son os que teñen a obriga de entregar os materiais arqueolóxicos coa documentación complementaria (inventarios e memorias), correspóndelle ao museo realizar a revisión e o estudo, así como a conservación, difusión e atención aos investigadores.

O Museo do Castro de Viladonga, coa edición desta revista anual *CROA*, pretende dar a coñecer e difundir estes traballos arqueolóxicos e os materiais depositados.

Agradecemos aos arqueólogos responsables destas actuacións a súa colaboración e a todos os investigadores e autores dos traballos publicados, xa que sen a súa colaboración sería imposible editar esta revista.

Museo do Castro de Viladonga, 2025

